

A close-up photograph of a hand holding a stack of gold coins. The hand is positioned at the top of the frame, with fingers gently gripping the stack. The coins are stacked vertically, and the background is a dark, textured surface. The overall image conveys a sense of value and financial matters.

te

traballadores/as do ensino

CCOO

ensino

2023

RETRIBUCIÓN
DOCENTES ENSINO PÚBLICO

www.ccooensino.gal

Actualizado a outubro 2023!



■ editorial

CCOO consegue acordos de subidas salariais incluso en época de crise, goberne quen goberne

José Fuentes 3

Retribucións 2023, descontos, sexenios, cargos directivos 4

Complementos 5

Recuperación do complemento específico 6

Por que é importante afiliarme? Graos de parentesco 7



José Fuentes
 Acción Sindical de Ensino Público
 Federación de CCOO de Galicia

CCOO consegue acordos de subidas salariais incluso en época de crise, governe quen governe

Despois da nosa oposición ao incremento unilateral do 2 % para 2022 decretado polo Goberno, iniciamos un proceso de mobilizacións que culminou cunha concentración nas portas do Congreso dos Deputados durante o debate do estado da nación o 14 de xullo de 2022. Logramos que se abriera un proceso de negociación das condicións salariais das e dos empregadas/os públicos, que culminou cun acordo para o período 2022/24 e que supón un incremento final do 9,8 % acumulado:

	2022	2023	2024	Total
Acordo	3,5%	2,5 % + 1 % (*)	2 % + 0,5 % (**)	8 % + 1,5 %

(*) 0,5 % variable IPC e 0,5 % variable PIB.
 (**) 0,5 % variable IPC.

Cobramos na nómina de novembro de 2022 os atrasos correspondentes ao 1,5 % dende xaneiro e actualizouse a nómina de decembro co incremento do 1,5 % consolidable. Os atrasos supuxeron unha cantidade entre 376 e 602 euros en función do corpo e antigüidade.

Xa en 2023, na nómina de xaneiro tivemos un incremento do 2,5 %. Na nómina de outubro, consolidouse un 0,5 % adicional, que estaba condicionado á suba do IPC. Estamos á espera doutro 0,5 % retroactivo, se o PIB nominal chega ao 2,1 %, en xaneiro de 2024. Segundo as últimas previsións de varias entidades como a OCDE, a AIREF ou o Banco de España, esta cifra vaise alcanzar.

No seguinte cadro pódese observar a canto ascende a diferenza entre a nómina de xaneiro de 2022 e outubro de 2023, para cada corpo e segundo o n.º de sexenios:

SUBA 6,60 %

Sexenios	0	1	2	3	4	5
Mestres/as	152,38	161,73	172,31	184,74	200,23	208,36
PSSFP (*)	160,33	169,69	180,27	192,69	208,19	216,31
PES	171,23	181,72	193,45	207,02	223,65	232,92
Cátedras	183,23	193,72	205,45	219,02	235,65	244,92

Diferenza entre as nóminas de decembro de 2021 e outubro de 2023, para cada corpo e segundo os sexenios.
 (*) Profesorado especialista en sectores singulares da FP.

Os acordos asinados por CCOO seguen permitindo mellorar o noso salario. Lonxe quedan as premonicións dalgunha organización sindical que dicía que o IPC de 2022 estaría por encima do 10 %. A realidade é teimuda e o ano anterior pechou cun IPC de 6,4 %. O incremento salarial dos anos 2022 e 2023 vai ser de máis dun 7 %.

Para 2024 o incremento será dun 2,5 %. A inestabilidade política podería levar a unha prórroga orzamentaria e, polo tanto, á conxelación salarial. No entanto, **o acordo asinado por CCOO compromete as subas fixadas ao Goberno futuro**, aínda mantendo un contexto de incerteza económica.

Estamos nunha situación de crise económica, con subas de prezos de bens e subministracións básicas. Aínda así, conseguimos que o Goberno asinara un acordo, que se aplica con carácter retroactivo por primeira vez na nosa historia: logramos mitigar a perda de capacidade de compra en 2022 e non perder en 2023 e 2024. Convén lembrar que, nas anteriores crises, as medidas do Goberno foron no sentido contrario: redución e/ou conxelación salarial aos empregados e empregadas públicos/as.

CCOO Ensino traballa por un sindicalismo útil, acadando melloras.

Retribucións mensuais 2023

Concepto	Grupo A2				Grupo A1			
	Mestres/as (nivel 21)		PSSFP (nivel 24) (*)		Secundaria (nivel 24)		Catedrático/a (nivel 26)	
	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra	Paga ordinaria	Paga extra
Soldo base	1119,42 €	816,41 €	1119,42 €	816,41 €	1294,60 €	798,88 €	1294,60 €	798,88 €
C. destino	552,57 €	552,57 €	680,45 €	680,45 €	680,45 €	680,45 €	815,04 €	815,04 €
C. específico	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	727,24 €	785,59 €	785,59 €
Titoría e outras funcións docentes	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €	50,93 €
TOTAL	2450,15 €	2147,15 €	2578,03 €	2275,03 €	2753,21 €	2257,49 €	2946,16 €	2450,44 €
Trienios	40,64 €	29,63 €	40,64 €	29,63 €	49,83 €	30,76 €	49,83 €	30,76 €
IPC galego	0,3784 % das retribucións brutas							

(*) Profesorado especialista en sectores singulares da FP.

Descostos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2
Pasivos (*)	118,04 €	92,90 €
MUFACE (*)	51,68 €	40,68 €
Cota Obreira	4,389 % (**)	
Retencións IRPF	(***)	

Sexenios

Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto
69,12 €	88,87 €	118,51 €	167,86 €	49,36 €

(*) Descosto dobre en xuño e decembro.

(**) Pendente de actualización.

(***) Segundo retribucións e situación persoal.

Cargos directivos de Infantil, Primaria e Educación Especial

Tipo de centro	Tipo A (40+ uds., CEE)	Tipo B (18-39 uds.)	Tipo C (6-17 uds.)	Tipo D (3-5 uds.)
Dirección (**)	604,40 €	547,11 €	395,96 €	292,76 €
Xefatura de estudos	211,33 €	198,57 €	192,21 €	141,22 €
Secretaría				

Cargos directivos de Secundaria, CPI, FP e Réxime Especial

Tipo de centro (n.º alumnado)	Tipo A (*) (1350+)	Tipo B (751-1350)	Tipo C (Menos de 750)	Tipo D (*)
Dirección (**)	741,09 €	638,33 €	577,84 €	523,12 €
Vicedirección				
Xefatura de estudos	326,02 €	319,70 €	230,44 €	198,57 €
Secretaría				

(*) Son centros de tipo A: Conservatorios Superiores de Música, Escolas de Artes Plásticas e Deseño nas que se imparten ensinso superiores, Escola de Restauración, Escola de Arte Dramática, Centros Residenciais Docentes e CIFF.

(**) Consolidación parcial do complemento de dirección. 4 anos, 25 %; 8 anos, 15 %; 12 anos, 20 %. Máximo 60 %.

Complementos

Xefatura de departamento	77,46 €
Coordinación FCT	77,46 €
Coordinación Equipo Dinamización Lingua Galega	77,46 €
Xefatura de departamento de Orientación (Primaria)	77,46 €
Responsable de centros de Infantil e Primaria de menos de 3 unidades	77,46 €
Profesorado de Colexios Rurais Agrupados	77,46 €
Impartir docencias en centros específicos de ensinanzas de adultos	77,46 €
Complemento mestres/as 1º ciclo ESO	127,88 €
Coordinacións CIFP (FCT, Emprendemento, Programas internacionais, TIC, Innovación e formación, Biblioteca e Residencia)	77,46 €
Xefatura de residencia de Centros Residenciais Docentes	326,02 €
Dirección de residencia de Centros Residenciais Docentes	77,46 €
Membros do Equipo de Orientación Específico	326,02 €
Asesores/as Técnicos/as Docentes	326,02 €
Dirección CAFI/CFR	638,33 €
Asesoría CAFI/CFR	326,02 €

RECUPERACIÓN DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

CCOO segue a demandar a recuperación do complemento específico (CE) roubado entre os anos 2013 e 2016 polo Goberno de Feijóo.

Nos orzamentos para 2013, o Goberno da Xunta de Galicia presidido por Feijóo decidiu retirar o CE das pagas extras. As partidas aprobáronse en marzo, pero aplicáronse dende xaneiro. A retirada do 100 % do CE na extra de xuño foi sancionada polos tribunais, que obrigaron á Xunta a devolver a parte proporcional de xaneiro e febreiro, porque as leis non se poden aplicar con carácter retroactivo. Posteriormente, en xuño de 2016, **CCOO e outras organizacións sindicais asinamos un acordo co Goberno galego polo que recuperamos o CE nas pagas extras a partir de 2017.** Neste acordo introducimos unha cláusula que recolle que **non renunciamos a demandar a devolución do deixado de percibir por este concepto entre 2013 e 2016.** A contía non cobrada pódese observar no cadro na parte inferior da páxina.

CCOO Ensino seguirá loitando por negociar esta devolución, sendo conscientes da dificultade que supón chegar a acordos con esta Administración, pero amosando que somos a única organización sindical que é quen de acordar cos diferentes Gobernos, independentemente da súa cor política, en beneficio das traballadoras e traballadores do ensino público galego.



Corpo	Antigüidade	2013	2014	2015	2016	Perda total
Mestres/as PES PTFP	0 Tri. / 1 Sex.	971,52 €	1165,82 €	1165,82 €	1177,48 €	4480,64 €
	2 Tri. / 1 Sex.	1070,20 €	1284,24 €	1284,24 €	1297,08 €	4935,76 €
	4 Tri. / 2 Sex.	1197,08 €	1436,50 €	1436,50 €	1450,87 €	5520,95 €
	6 Tri. / 3 Sex.	1366,30 €	1639,56 €	1639,56 €	1655,96 €	6301,38 €
	8 Tri. / 4 Sex.	1605,98 €	1927,18 €	1927,18 €	1946,45 €	7406,79 €
	10 Tri. / 5 Sex.	1676,47 €	2011,76 €	2011,76 €	2031,88 €	7731,87 €
Catedráticos/ as	4 Tri. / 2 Sex.	1280,40 €	1536,48 €	1536,48 €	1551,84 €	5905,20 €
	6 Tri. / 3 Sex.	1449,62 €	1739,54 €	1739,54 €	1756,94 €	6685,64 €
	8 Tri. / 4 Sex.	1689,30 €	2027,16 €	2027,16 €	2047,43 €	7791,05 €
	10 Tri. / 5 Sex.	1579,78 €	2111,74 €	2111,74 €	2132,86 €	7936,12 €

Contía deixada de percibir polo roubo do complemento específico entre 2013 e 2016.

POR QUE É IMPORTANTE AFILIARME?

O traballo que os/as representantes sindicais levamos a cabo nas diferentes mesas de negociación é posible grazas ao apoio da afiliación. O teu apoio é a nosa forza. As cotas de afiliación son a principal achega para o mantemento dunha acción sindical autónoma. Ademais, podes desgravalas na declaración da renda.

Como afiliado/a, tamén poderás beneficiarte doutros servizos da máxima calidade e fiabilidade, como por exemplo:

- Asesoramento laboral e administrativo específico.
- Asesoramento xurídico e profesional; tramitación de recursos.
- Atención personalizada de forma presencial, telefónica, por redes sociais ou por mensaxería e correo electrónicos.
- Actividades de formación permanente, homologadas pola Xunta de Galicia, presenciais e en liña, válidas para concurso de traslados e sexenios.
- Envío persoal de publicacións estatais e autonómicas.
- Información sindical actualizada sobre mesas de negociación, xuntas de persoal, etc.

Por todo isto é importante que te afilies a CCOO. **Faite escoitar e colabora na elaboración das propostas para defender os teus dereitos e mellorar as túas condicións laborais.**



Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo

Rolda da Muralla, 58
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra

Rúa Pasantería, 1
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol

Rúa María, 42-44
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense

Parque San Lázaro, 12
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo

Rúa das Teixugueiras, 11
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco

Praza do Concello, 2
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte

Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Vilagarcía de Arousa

Rúa Alexandre Bóveda, 2
986 502 000
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Viveiro

Rúa Alfredo García Dóriga
982 561 001
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

DEFENDER O DEREITO A UN TRABALLO DECENTE

REIVINDICAR EMPREGOS ESTABLES
E MELLORES CONDICIÓNS LABORAIS
PARA AS TRABALLADORAS E OS
TRABALLADORES QUE DESENVOLVEN
O SEU LABOR NOS CENTROS EDUCATIVOS



O poder de cambiar as cousas